


Os ilustradores galegos temos unha cita ineludible en Compostela o 29 de Outubro. O centro cultural Caixa Galicia acolle o II Encontro de ilustradores galegos, evento e punto de encontro para todos os amantes e profesionais da ilustración do noso país. Entre as actividades previstas destaca a assemblea xeral de socios da AGPI e as charlas de dous recoñecidos nomes da ilustración estatal : Raúl e Arnal Ballester. A asistencia ó encontro é libre e gratuíta.



Esquerda: "Rusia tiene hambre" de Raúl. Arriba: Cartaz de Arnal Ballester

II Encontro Galego de ilustradores

Editorial

Qué mellor remedio que unha boa AGPIRINA para poñerse ó día sobre a actualidade do noso sector en Galicia e coñecer os diferentes movementos que imos facendo dende a asociación?

Con este segundo número da AGPIRINA, damos un pasiño máis cara adiante cá intención básica de informar, porque a base dun bo coñecemento do medio e o fluxo de información. Aínda que temos un taboleiro de noticias na nosa páxina web, consideramos que o medio impreso segue sendo un modo eficaz de transmitir información a través da súa presenza física. Por eso tamén quixemos cooidar un pouco máis a edición e facer este número 2 en imprenta, cunha pequena variación tamén de formato, pasando do A/4 ó A/5, que parecenos un pouco máis manexable.

Ampliamos tamén o número de páxinas e colaboradores, ca intención de acadar un obxectivo concreto, a edición de dúas AGPIRINAS anuais que é o tratamento mínimo que debe levar cada socio según prescripción facultativa. Dende estas liñas queremos tamén invitarche a colaborar nos seguintes números escribindo sobre temas de interese profesional ou simplemente mantendonos informados das posibles actividades que vaiades desenrolando ó longo do ano como publicacións, exposicións persoais, problemas, denuncias ou calquera cousa relacionada ca profesión tanto a nivel artístico como legal.

Esperamos que este medicamento axude a reducir a insuficiencia informativa e en caso de viabilidade estudiaremos o aumento da dose, de momento comenzamos con esas dúas AGPIRINAS anuais.

Manel Cráneo
Presidente de AGPI

AGPI prepara un congreso cos editores galegos para o 2006

O pasado luns 10 de outubro a presidencia de AGPI reuniuse cunha comisión da Asociación Galega de Editores para debater sobre a gratuidade do libro en Galicia. Os editores plantexaron a súa problemática e a posible repercusión que isto podería ter para os autores e ofreceron enviar toda a documentación por escrito sobre este tema para que fose valorada pola directiva de AGPI.

Durante a reunión, celebrada na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela, o presidente de AGPI aproveitou para plantexar un proxecto do que xa se ven falando dende hai tempo: un congreso que reúna a autores e editores galegos co obxectivo de debater temas profesionais. Este sería un primeiro paso para unha mellor relación entrambos sectores e que abriría unha vía para chegar a diferentes acordos entre os dous sectores. A proposta foi acollida con sorpresa e moi positivamente por parte dos editores que xa están a concretar unha data para unha nova reunión formal de cara a fixar obxectivos e darlle forma ao proxecto.

Pola súa banda, os editores comentaron o seu proxecto para crear un centro en Santiago que acolla a todas as asociacións profesionais relacionadas co libro galego para que poidan ter alí un espazo de debate común permanente e as súas respectivas sedes, sen dúbida algunha esto sería un gran paso de cara ó futuro e unha porta aberta a un maior entendemento entre tódolos sectores.

Evolución de "Can de palleiro"

A mostra Can de palleiro, organizada por AGPI e con participación de case 40 dos nosos socios, estivo exposta este ano no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e no Salón do Humor de Silleda. No acto de presentación do primeiro, AGPI estivo representada por Kilo Da Silva, e ó acto inaugural de Silleda acudiron tamén o noso presidente Manel Cráneo e tesoureiro Santy Gutiérrez.

Co motivo do Salón de Pontevedra, editáronse unha tirada de postais promocionais con tódolos traballos presentados. Cabe dicir que a calidade de impresión destas postais non foi moi boa aínda que si cumpriron o seu obxectivo de deixar constancia impresa da participación de AGPI no salón.

Actualmente séguese a tramitar a edición do catálogo co apoio da Diputación de A Coruña. Unha vez editado o catálogo, a exposición reanudarás a súa itinerancia por diversas cidades e localidades galegas e probablemente sexa levada tamén fora de Galicia.

Novedades na web de AGPI

Desde mediados do pasado mes de setembro, cada socio da AGPI pode dar de alta, actualizar ou facer calquera modificación por si mesmo na súa sección da galería web de agpillustracion.org. Isto é posible grazas a aplicación que deseñaron o noso socio Xan Carpena e o seu compañeiro José Manuel Domínguez, ambos membros da empresa Xolda Diseño S.L.L. (www.xolda.com). Convidámote a que actualices a túa sección na web con novos traballos, ou que a des de alta, se aínda non o fixeras. O procedemento é moi sinxelo, podes ler as instrucións na zona socios da propia web.

Por outra banda, acabamos de renovar a portada da web, misturando o índice de enlaces que xa había alí co noticiario ou taboleiro de anuncios que ata agora estaba en agpi.blogspot.com. Que a páxina sexa a partires de agora máis ou menos dinámica depende de nós mesmos e das noticias, anuncios, opinións, etc. que enviemos.

Convidámote a que remitas a webmaster@agpillustracion.org calquera información relacionada co mundo do debuxo, ilustración, cómic, para que sexa publicada. Que non vos bote para atrás o ter que redacta-las posibles notas que enviesdes á páxina: é un taboleiro de noticias, a maior parte das veces chegará cun par de liñas.

A parte desto, mantéñense, como xa sabedes, as seccións de sempre: actas de reunións pasadas, estatutos, instrucións de xestión da galería web, de participación na lista de correo, boletíns de outras asociacións do estado, informacións legais varias, etc.

Acordo co Consello da Cultura Galega

O Consello da Cultura Galega está a preparar a presentación oficial do seu portal dixital de banda deseñada. Aínda que levan tempo funcionando e xa son unha referencia para os profesionais do medio, queren facer unha presentación para os medios de comunicación e o sector profesional co obxectivo de potenciar a súa existencia. Dentro da xornada de presentación que se celebrará a finais deste ano, teñen proxectado un taller para profesionais do medio que estará impartido por algún autor de bd francobelga. O autor está aínda sen confirmar. Co motivo desta actividade o Consello da Cultura Galega ten iniciado unha serie de xestións de colaboración coa directiva de AGPI das que esperamos acadar resultados beneficiosos para a potenciación do sector en Galicia.

www.culturagalega.org

Autores convidados ó II Encontro galego de ilustradores



Arnal Ballester

Arnal Ballester (Barcelona, 1955), ilustrador, profesor na Escola Massana D'Art i Disseny de Barcelona e membro da Asociación Profesional d'Ilustradores de Catalunya (APIC). En 1993 recibiu o Premio Nacional de Ilustración por La boca risueña (Ed. Destino, 1992). Nese mesmo ano recibiu tamén o premio UNICEF-Illustrator of the Year de la Fiera dei Libri per Ragazzi di Bologna, e o Premio da Crítica Serra d'Or en 1995, pola colección Els artístics casos d'en Fricandó (Ed. Destino, 1992-1995). Colabora habitualmente co xornal El Mundo e o fixo durante anos con El País. Algúns dos seus libros: No tinc paraules (Ed. Media Vaca, 1998), Vista cansada (recopilación de debuxos feitos mentres falaba por teléfono, Ed. Sinse Ntido, 2000), Base y el generador misterioso (texto de J. A. Millán, Ed. Cirulo de Lectores, 2002), Chamario (texto de E. Montejo, Ed. Ekaré, 2004).



Raúl

Raúl (Raúl Fernández Calleja, Madrid, 1960) é, entre outras cousas, ilustrador de prensa, revistas e libros para nenos, debuxante e guionista de cómic, e escultor. Os seus primeiros traballos apareceron nas revistas El Cairo y Madrid. Entre os anos 1986-1998 ilustrou diariamente a sección de opinión de El País. Colaborou en revistas como Marie-Claire, Attonitus, Cinemanía, etc. Publica actualmente nos xornais La Razón e La Vanguardia. Algúns dos seus libros: Berlín 1931 (Texto de F. H. Cava, Ed. Casset, 1991), Raúl, fe de erratas (Textos de Raúl e F. H. Cava, Ed. Casset, 1992), Raúl, cuaderno perplejo (recopilación de ilustracións para El País, Ed. Casset, 1992), Ventanas a Occidente (Texto de F. H. Cava, Luca Ed., 1994), Angulo el malo (obra de teatro, Camarasa y Mac Diego Editores, 1998), Pertinencias (caricaturas, Ed. Pataphysicas de la Candelaria, 2005).

AGPIRINA num. 2 Outubro 2005

Coordina: Manel Cráneo. **Comité de redacción:** Oscar Villán, Alberto Gutiérrez, Manel Cráneo. **Maquetación:** Alberto Gutiérrez. **Colaboran:** Tali Carroto (www.freekmagazine.com), Santy Gutiérrez, Jaime asensi.

Imprime: Imprenta Lage (A Coruña)

Tirada: 1000 exemplares.

ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN

Apdo. 799 A Coruña

www.agpillustracion.org

correo@agpillustracion.org

AGPI forma parte de FADIP

(Federación de asociaciones de ilustradores profesionales)

www.fadip.org



O Boletín Galego de Literatura prepara un monográfico sobre BD na península ibérica

O boletín semestral dirixido por Anxo Tarrío, centrado xeralmente no estudo e potenciación da literatura, sae co apoio do Ámbito Cultural do Corte Inglés e da Xunta de Galicia e está editado polo servizo de publicacións da Universidade de Santiago. Con máis de 30 números xa editados, e despois de abordar nos dous últimos un especial sobre literatura infantil e xuvenil, pretende agora tocar a banda deseñada como medio de comunicación, coa colaboración da AGPI. O noso socio Jaime Asensi é o promotor desta proposta. El e o noso presidente Manel Cráneo están xa a traballar como coordinadores de contidos. Entre as colaboracións encontraremos estudos e artigos redactados por Paco Camarasa (Edicións De Ponent), Henrique Torreiro (Xornadas de Ourense e Colectivo Phanzinex), Carlos Portela (guionista), Germán Hermida (culturagalega.org), Manuel Varillas (Universidade de Salamanca) e Manuela da Silva (Universidade do Minho, Braga) entre outros.

Que unha publicación destas características centre os seus contidos na Banda Deseñada facendo particular mención ó panorama galego, ratifica unha vez máis a relevancia cultural deste medio e o consolidamento de Galicia como punto de referencia no actual panorama nacional.

Adeus a Suso Peña

O pasado mes de Febreiro deixounos Suso Peña (Ribadeo, 1941) un dos primeiros profesionais galegos da BD. O debuxante ribadense formou parte nos anos 60 do "Grupo da Floresta" xunto a autores da talla de Carlos Gimenez. Máis tarde realizou BDs de diversos xéneros para axencias europeas e norteamericanas. Traballou no mundo da viñeta ata principios dos 80, cando publicou nas revistas de Toutain Editor os seus últimos proxectos. Debuxante meticuloso e de gran técnica co lápiz, Suso Peña sempre negou ser un "autor" pese a que participou no desenvolvemento da BD adulta española nos 60 e 70. Abandonou a BD para adicarse ó ensino, ó deseño gráfico, o retrato e á súa gran paixón, a fotografía. Ata sempre, mestre.

BD banda : premios e novidades editoriais



Portada de BD Banda nº6



"Astro" de Javier Olivares

"Tito Longueirón" é o primeiro tomo recopilatorio de BD dos humoristas gráficos Pinto e Chinto, colaboradores habituais de La Voz de Galicia. O álbum recolle gags mudos de temática deportiva creadas para a revista "Golfiño". A presentación oficial do álbum, o terceiro da colección BD banda, tivo lugar no festival "Viñetas desde o Atlántico" de a coruña o pasado mes de agosto.

"Astro, valente explorador", un álbum do madrileño Javier Olivares, será o cuarto número da "Colección BD banda", editada polo colectivo homónimo en colaboración con Kalandraka. A obra, que recolle o material editado na revista catalá "Tretzevents", inclúe unha historia inédita realizada expresamente para esta edición, ademais dun bo lote de material extra. O álbum contará con edicións en galego e castelán.

Simultaneamente, o colectivo ten previsto lanzar a versión en castelán de "Fiz nos biosbardos", primeiro título da colección, que se distribuirá a nivel estatal. Segundo apuntan desde BD banda, a obra de Kiko da Silva está a ter un moi bo nivel de vendas na súa edición galega.

O proxecto BDbanda foi merecedor do premio ó mellor fanzine na edición 2005 do Saló del comic de Barcelona, celebrada o pasado mes e Xuño. É a primeira vez que unha publicación editada en lingua non castelá recibe esta distinción. O equipo de BD banda estudia agora a posibilidade de converterse nunca revista profesional co apoio empresarial de Kalandraka. BD banda ven tamén de recibir o "Premio Ourense" á mellor iniciativa relacionada coa BD en Galicia. www.bdbanda.com

Podes enviar reseñas, opinións, notas de prensa, convocatorias, presentacións de proxectos, noticias, eventos...etc ó noso enderezo electrónico:

correo@agpillustracion.org

Presencia galega nos White Ravens

Os White Ravens reúnen cada ano unha selección dos que consideran 250 mellores títulos de literatura infantil e xuvenil. A presenza galega entre os seleccionados deste ano conta con tres títulos, dous deles ilustrados polos nosos socios Xose Cobas e Kiko Da Silva:

- Bolboretas. Docampo, Xabier P. (texto), Cobas, Xosé (ilus.). Everest Galicia, 2004.

- O Brindo de ouro. Marcos, Xesús Manuel. Ed. Xerais, 2004.

- ¿Que contan as ovellas para durmir? Kiko Da Silva. Editorial Galaxia, 2004

Máis información sobre os White Ravens en: www.ijb.de/whiteravens.htm

A revista Mister K, premiada no saló del comic

Mister K, a revista xuvenil de humor de Ediciones El Jueves acadou o premio á mellor revista no último Saló del comic de Barcelona. En AGPI tamén estamos de noraboa, xa que entre o staff da revista figuran cinco dos nosos socios: Victor Rivas, Santy Gutierrez, Kiko da Silva, Alberto Guitián e Leandro Barea. A eles hai que engadir ós tamén socios Miguel Robledo e Javi Montes, que tamén colaboraron nesta cabeceira. As xornadas de BD de Ourense ofreceron unha exposición colectiva dos autores mencionados baixo o título "Galegos en Mister K" www.revistamisterk.com

A volta ó mundo de Jaime Asensi

O Autor Jaime Asensi verá o seu segundo álbum publicado a principios do ano 2006. Jaime ofreceranos unha nova adaptación literaria despois de Ubu rey. Esta vez trátase dun clásico de Verne, A volta ó mundo en 80 días, que abordará en 44 páxinas cun anexo que inclúe o making of da obra. O autor repite de novo a súa experiencia de edición con Edicións de Ponent, editorial dirixida por Paco Camarasa e recentemente premiada có premio internacional Yellow Kid á mellor edición.

Ventura na Illa de Hynpos

Miguel Robledo firma o Story-board e o deseño de personaxes da serie de animación 3D "Ventura na Illa de Hynpos", secuela do proxecto multimedia "O laberinto dos soños". En palabras de Grandola Nova, productora do proxecto, "Ventura..." é un híbrido a medio camiño entre a animación musical clásica, os debuxos animados e os videoclips contemporáneos.

Antonio Dato é o animador 3D que da corporeidade aos personais deseños de Robledo, conseguindo entrambos unha estética orixinal. O proxecto tivo unha boa acollida na súa presentación no Cartoon Forum celebrado en Santiago de Compostela en setembro de 2004. www.grandolanova.com/laberinto



Deseños de Miguel Robledo e Antonio Dato. © Grándola nova S.L.

O tesouro de Carraxe Sieiro



O noso socio David Prieto "Gochi", autor do fanzine "Cerditos de Guinea", presentou este verán en Rianxo o seu primeiro album de BD: O tesouro de Carraxe Sieiro. A presentación foi conducida polo presidente de AGPI, Manel Cráneo. O álbum ten como protagonista ó pirata Trasmallo, do que anteriormente publicou algunhas historias na desaparecida revista Golfiño. O álbum esta coloreado por Juan Martín e editado polo Concello de Rianxo. Na actualidade Gochi e Juan xa están a traballar nunha segunda entrega da serie ambientada na vila de Rianxo.

David Rubín Premio Castelao de BD

David Rubín (Ourense, 1977) é o gañador da primeira edición do Premio Castelao de B.D. O premio, otorgado pola Diputación de A Coruña, conta cunha cuantía de 6000 € máis a edición dun album en galego, e supón un importante impulso para o recoñecemento cultural e artístico da BD en Galicia. Rubín ven de gañar tamén a última edición do certame de B.D. "Na vangarda", co que segue a engrosar un importante currículo que o confirma como un dos xoves autores de BD galegos de maior proxección. A edición en castelán do seu galardoado album "Onde ningún pode chegar" aparecerá en decembro a cargo da editorial vasca Astiberri.

¿Qué ten que ter un proxecto para esperta-lo teu interés?

Permitirme liberdade de manobra e decisión sobre o que fago. Debido ó meu traballo nunha productora cinematográfica, teño que adica-lo pouco tempo de lecer que teño para facer tebeos... Aseque xa que por desgracia esto non pode ser unha profesión, polo menos intento disfrutar con elo, por iso o mesmo publico no TOS que en BDBanda ou nun fanzine de fotocopias, se é que o proxecto me gusta e me sinto cómodo nel.

¿Cómo lembras a experiencia do álbum-denuncia H2OIL? ¿Podese cambia-lo mundo a golpe de pincel?

Difícil é, pero non por eso haique deixar de tentalo. H2OIL foi unha reunión fabulosa, un fito para o cómic galego. Para moita xente pasamos de ser "os rapazolos que dibuxan chistes" a mostrar que tamén cos tebeos se pode denunciar, ou manifesta-la carraxe... Non sei, se ti es escritor ou cantante ou poeta a ningún lle extraña se saltas por ahí lanzando consignas e dicindo que esto está mal ou que tal fulano está fodendo a un montón de xente, pero se fas tebeos... "Tí que vas contar, neno, se só fas monicreques...". A verdade, é bastante patético. Po-lo tanto iniciativas como H2OIL son necesarias. Primeiro polo motivo polo que se xestan, que é o da denuncia, emitir voz e voto sobre unha inxusticia. E segundo, porque dignifican o medio e contribúen a saca-lo do guetto social no que está.

A obra coa que gañaches o Castelao, "Onde ningún pode chegar", fala de relacións de parella. E máis dunha vez tes iluminado a cara oculta dos heroes afondando no mesmo tema. ¿Te consideras un sentimental? ¿Gústache cultiva-lo comic-verité?

Máis que sentimental me considero sensible. Tento falar de sentimentos ou plasma-las miñas emocións nas historias que escribo e debuxo, pero non llechamaría "slice of life" ni nada po-lo estilo. Non lle chamaría "slice of life" ni nada po-lo estilo. Non conto a miña vida tal cual, nin o pretendo nin me interesa. Sí que falo de cousas que coñezo ou que vivín. Pero



"Onde ningún pode chegar" de David Rubín

prefiro usa-la metáfora, utilizar outros personaxes para contar o que sento ou crear atmósferas que se alonxan da realidade -como é o caso dos superheroes- para falar de cousas ou sentimentos cotiáns como poden ser a pérdida do amor, o declive dunha amizade ou o afán protector cara unha filla.

Falemos doutra faceta túa, a de animador. Estás vencellado a DYGRA, os artifices de "O soño dunha noite de San Xoan". ¿En qué medio nadas máis cómodo?

Prefiro, sin lugar a dúbidas, a BD. Tí es o que controla todo o proceso, contas o que che apetece e comoche apetece. No cine é moi diferente, todo ten que estar consensuado cunha serie de equipos de persoas. Hai diferentes estratos, a historia pasa por demasiadas mans e demasiadas cabezas pensantes ata chegar ó espectador. Eso non acontece no comic. Pode ser se o comic que realizas se chama "X-Men", pero ése non é o meu caso. De feito agora mesmo estou codirixindo a próxima película de DYGRA e podo dicirte que é así, ambos medios se axudan.

Extracto da entrevista publicada na revista Freek Magazine #16 Outubro 2005 www.freekmagazine.com

AGPIconsello: Como actuar en caso de impago

Cantas veces un cliente se retrasou no pago das nosas facturas, ou simplemente se lle "esquece" pagarnos. Se a pesar das nosas chamadas de atención seguen ignorándonos, entón chegou o momento de utilizar algúns mecanismos legais dos que dispoñemos para exercer os nosos dereitos como traballadores: En Galicia existe un SERVIZO DE MEDIACION, ARBITRAXE E CONCILIACIÓN (SMAC) que é un organismo dependente da XUNTA DE GALICIA e xestionado pola CONSELLERÍA de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

A ARBITRAXE é un mecanismo alternativo de solución de conflitos que xorde da autonomía da vontade das partes, as cales delegan nun terceiro imparcial chamado árbitro a resolución da súa controversia, y éste, investido da función xurisdiccional, para ese caso concreto, e segundo o procedemento determinado previamente polas partes, decide a controversia mediante un "laudo arbitral" de obligatorio cumprimento para as partes.

A MEDIACIÓN é un procedemento informal, flexible e voluntario, donde un terceiro imparcial chamado "mediador", axuda ás partes a resolver o conflito. Na mediación, son as mesmas partes as que xeneran o acordo que pon fin ó conflito. Diferenciase da arbitaxe, porque na mediación non hai un terceiro (árbitro) que decida o conflito, ademais é un mecanismo menos estruturado e moito máis sinxelo e rápido que a arbitaxe. A mediación caracterízase por ser unha instancia eminentemente voluntaria: as partes deciden participar ou non no proceso de mediación, poñerlle fin en calquera momento e non están obrigadas a chegar a un acordo. É rápida: Non está suxeita a regras procesales e todo o proceso non dura máis de 15 días. É un servizo gratuito e non require a contratación de un avogado. Son as mesmas partes quenes xeneran o acordo que pon fin ao conflito. As partes actúan, negocian y propoñen as solucións. O acordo parte dos propios interesados, protexendo así os intereses de ambos.

Para recurrir a este servizo é necesario redactar unha instancia na que figuren os datos do demandante (neste caso, nos) nome, dirección, N.I.F. e os datos da empresa demandada (nome, domicilio, N.I.F.) e unha breve exposición do que lle demanda. Isto pode ser redactado por nos mesmos coa sinxela fórmula de:

"Eu, don fulano de tal con domicilio cual, N.I.F : xxxx, declaro que manteño unha relación profesional coa empresa tal, domicilio cual e N.I.F: xxxxx, e debido ao incumplimento pola súa parte das condicións económicas pactadas por mutuo acordo ao inicio da nosa relación profesional, denuncio á citada empresa por impago da/s factura/s emitida/s por min. Solicito a intervención do servizo de mediación, arbitaxe e conciliación para lograr da empresa XXXX a satisfacción íntegra e inmediata da débeda contraída."
(Lugar, data e firma.)

Esta instancia presentarse POR TRIPLICADO no rexistro da propia oficina do servizo de Mediación, quenes redactarán unha cédula de citación, que será remitida a ambas partes concedendo unha cita nun prazo máximo de 10 días. En dito acto de conciliación presentaranse as dúas partes ante a presenza dun letrado que exercerá de mediador. Finalizado o acto, o letrado redactará unha acta de conciliación (un papel oficial que fará constar o nº de expediente e o acordo entre as partes). Se finalmente se chega a un acordo de pago, ou de fechas, que conveña a ambas dúas partes terase solucionado o problema, pois o acordo alcanzado será de obrigatorio cumprimento. Si non se chega a un acordo no acto de conciliación, ou se a empresa demandada non se presenta ao acto, o seguinte paso é acudir a un xulgado e denunciar. Este é un paso máis desagradable e lento, e require dos servizos dun avogado, pero acreditar ante o xuíz que intentamos solucionar o conflito de xeito amistoso coa intermediación do SMAC, soe ser unha boa maneira para solucionar o noso problema.

Convocatorias

16º Premio Internacional de Ilustración Fundación Santa María (SM) Extensión: 24 páxinas texto + ilustración. Contía: 6.000 euros Fin prazo entrega: 15/feb/06 URL: <http://www.fundacionsantamaria.org/ilustracion.htm>

6º Certamen Internacional de Álbum Infantil Ilustrado "Ciudad De Alicante" 2006 Obras en castelán. Dotado con dous premios: 7.500 e 4.500 euros. Data límite de presentación de orixinais (por sextuplicado): martes 28/feb/06 ás 14.00 horas, no Patronato Municipal de Cultura do Excmo. Ayuntamiento de Alicante -Centro Municipal de las Artes- plaza de Quijano, 2 (Casco Antiguo) 03002 Alicante. Información e bases: Telf.: 965.14.71.60 e-mail: rosa.fernandez@alicante-ayto.es

II ENCONTRO DE ILUSTRADORES GALEGOS

CENTRO CULTURAL CAIXA GALICIA
Santiago de Compostela

SÁBADO 29 de OUTUBRO de 2005
a partires das 11:00 da mañá.

Ilustradores convidados:
ARNAL BALLESTER e RAÚL



Organiza: AGPI

Colabora: CAIXA GALICIA e CONCELLO DE SANTIAGO

www.agpiillustracion.org / correo@agpiillustracion.org